

Máis do 25% do profesorado funcionario de carreira xubilárase nos próximos anos

Así se extrae dun estudo feito pola CIG-Ensino partindo dos datos facilitados pola Consellaría de Educación

CORPO	NOME	Total	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	55-59	60-65
597	Mestras/es	2.970	376	359	356	387	381	383	237	160	154	103	74	1.859	1.111
590	PES	3.986	539	576	567	534	545	480	225	174	138	116	92	2.761	1.225
591	PTFP	535	52	51	61	71	59	71	43	49	39	24	15	294	241
592	EOI	99	14	19	15	15	14	10	3	1	2	4	2	77	22
593	Cátedras CMUS	35	6	8	5	4	0	4	1	2	3	2	0	23	12
594	Profesorado CMUS	42	3	8	7	9	4	5	0	3	2	0	1	31	11
595	Profesorado Artes plásticas e deseño	35	5	6	6	5	5	3	0	1	2	0	2	27	8
596	Mestres/as Taller artes plásticas e deseño	11	1	0	1	2	0	1	1	1	1	3	0	4	7
510	Inspección	36	3	3	2	6	6	4	3	2	3	0	4	20	16
*	A extinguir	4	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	3	0	4
		Total	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	55-59	60-65
		7.753	999	1.030	1.020	1.033	1.014	961	514	393	344	252	193	5.096	2.657

Elaboración: CIG-Ensino

Fonte: Consellaría de Educación. Data: 14/04/2021

Despois de anos de insistencia e dunha inexplicable e reiterada negativa, a Consellaría de Educación aceptou na Mesa Sectorial na que se presentou a oferta de emprego público de 2021 facer entrega dos datos que a CIG-Ensino viña demandando desde hai moito tempo ao respecto das perspectivas de xubilación do persoal docente nos próximos anos. En concreto, o sindicato formulou a súa solicitude no número de funcionariado de carreira con idades comprendidas entre os 55 os 65 anos, isto é, o profesorado nacido entre 1965 e 1955.

Desde a CIG-Ensino sempre demandamos maior transparencia nos datos de posibles xubilacións á hora de podermos valorar os efectos das ofertas de emprego no conxunto do profesorado interino e na previsión de oposicións para futuros anos.

Un relevo xeracional moi importante

Tendo en conta as xubilacións producidas nestes últimos anos, que xa implicaron unha muda importante de profesorado, as cifras que podemos observar no **estudo feito pola CIG-Ensino** a partir dos datos proporcionados pola administración educativa, deixan clara a importancia do relevo no profesorado galego. Tendo en conta unhas cifras de funcionariado de carreira que rolda os 27 ou 28.000 (dato non proporcionado pola Administración -por algo máis de 5700 docentes interinos-), temos unha porcentaxe superior ao 25% que ten entre 55 e 65 anos (7.753 segundo os cálculos da administración) que poden xubilarse nos próximos anos. Hai tamén profesorado interino, con cifras e porcentaxes moi inferiores que poden estar nesta situación, mais desde o sindicato centramos o estudo no que ten carácter fixo xa que son as

súas prazas, coas limitacións actuais das taxas de reposición -persoas que se xubilan- as que poden indicar futuras ofertas de emprego público.

Sobre os datos globais deste estudo debemos ter en conta o seguinte:

- Non se inclúe o profesorado en prórroga de xubilación (maior de 65 anos) mais é unha cifra moi reducida.
- A práctica totalidade do profesorado destas idades pertence ao réxime de Clases Pasivas e, nos últimos anos, a maioría xubiláse anticipadamente.
- A progresión segundo se avanza na idade é claramente descendente, con tan só 194 docentes que na actualidade teñen 65 anos.
- A inmensa maioría dos e das docentes entre 60 e 65 anos (2.657 en total) xubiláranse en breve, seguindo a tendencia de que moi poucas persoas agardan á idade de xubilación ordinaria. De non se producir cambios na modalidade de xubilación anticipada de Clases Pasivas (xubilación a partir dos 60 anos con 30 anos de servizo con redución da pensión, mais con 33 anos no grupo A1 e con 35 no grupo A2 xa se acada o tope da pensión en cada grupo) é de prever que unha parte maioritaria dos docentes entre 55 e 59 anos (5.906) se xubilarán tan pronto reúnan os requisitos, isto é nos próximos anos.
- Tendo en conta isto, e sempre coa marxe de erro que dá non saber exactamente canta xente decidirá xubilarse anticipadamente, parece correcto concluír que dos 7.753 docentes que reúnen os requisitos, nalgúns casos agora e noutros nos próximos 5 anos, unha maioría se xubilará neste tempo, provocando taxas de reposición que poden ser superiores a 5.000 docentes, con cifras anuais por tanto similares ás destes últimos anos.

Grandes diferenzas por corpos e especialidades

O corpo de mestres e as especialidades con máis docentes de secundaria son as que copan os primeiros postos de profesorado entre 55 e 65 anos. Destaca especialmente a cifra de 1.316 de Primaria así como as 488 de Infantil, 360 de PT ou 249 de Inglés.

MESTRAS/ES FUNC. CARREIRA			
Especialidade	55-59 anos	60-65 anos	Total
Educación Infantil	338	150	488
Idioma estranxeiro: Francés	61	36	97
Idioma estranxeiro: Inglés	186	63	249
Educación especial: Audición e Linguaxe	37	28	65
Educación especial: Pedagogía Terapéutica	207	153	360
Primaria	800	516	1.316
Orientación	61	58	119
Educación Física	112	63	175
Música	57	44	101
	1.859	1.111	2.970

No corpo de PES destacan por cifras absolutas aquelas especialidades que superan as 300 profesoras e profesores destas idades: Inglés, con 500 docentes nesta franxa etaria e Lingua Galega, con 447 próximas xubilacións, son as especialidades que requirirán unha maior demanda de docentes, por 355 de Xeografía e Historia ou 343 de Matemáticas. Porén, as porcentaxes de docentes próximos á xubilación esténdese case por igual nas especialidades que imparten docencia na ESO e o Bacharelato e, en cifras relativas, tendo en conta o total de docentes en activo e cada especialidade, son moi elevadas en case todas.

No caso das especialidades da Formación Profesional a situación é bastante diferente, evidenciando a diferenza entre aquelas especialidades cunha maior implantación daquelas máis novas e minoritarias.

As xubilacións, o colchón de protección fronte a un ERE masivo, insuficiente para parte do profesorado interino

Os efectos do mal chamado acordo de estabilidade, asinado polos sindicatos estatais e o goberno Rajoy que, como denunciámos desde a CIG-Ensino, non se fixo pensando en estabilizar as persoas, puido ter provocado xa un ERE masivo na práctica totalidade dos corpos e especialidades. O

feito de que as porcentaxes de persoal interino que superou os procesos selectivos, especialmente no colectivo dos que xa levan anos a traballar, sexan reducidas (a maioría das persoas que superaron as oposicións nestes últimos anos tiñan unha antigüidade inferior a tres anos) implicaba un maior risco na exclusión das compañeiras e compañeiros con experiencia na función pública docente e que son vítimas dun marco legal que despreza a súa situación e de anos de recortes e de ausencia de ofertas de emprego.

O alto índice de xubilacións, cunha rotación importante nas listas de interinidades, está a servir en moitas especialidades como protección fronte ao que podería ter sido unha desfeita para o profesorado interino **ao se manter no bando sindical e na Consellaría o boicot a incorporar unha cláusula de estabilidade para salvagardar centos de postos de profesorado interino en risco**, partindo de cuestións como contar cunha determinada antigüidade nas listas ou unha idade avanzada, principios nos que se fundamenta a negativa da CIG-Ensino a subscribir o acordo sindical sobre persoal interino.

Mais esta situación non é idéntica en todas as especialidades. Así, e como xa denunciámos na Mesa Sectorial, a oferta en moitas especialidades nas oposicións en marcha, practicamente idéntica ao número de interinas e interinos traballando, nun proceso atado pola normativa fixada na LOE (e que a LOMLOE non mudou) e no Real Decreto de ingreso e acceso, unido a que en moitas desas especialidades non se vai dar un proceso masivo de xubilacións, deixa tirado a un

PROFESORADO DE ENSINO SECUNDARIO. FUNC. CARREIRA

Especialidade	55-59 anos	60-65 anos	Total	Especialidade	55-59 anos	60-65 anos	Total
Administración de empresas	61	33	94	Matemáticas	239	104	343
Alemán	1	0	1	Música	49	22	71
Análise e química	9	2	11	Organización e proc. de mantemento de vehículos	14	3	17
Asesoría e procesos de imaxe persoal	10	4	14	Organización e proxectos de fabricación mecánica	16	5	21
Bioloxía e xeoloxía	200	86	286	Organización e proxectos sistemas enerxéticos	0	1	1
Construcións civís e edificacións	10	8	18	Organización e xestión comercial	12	11	23
Cultura clásica	3	0	3	Orientación educativa	59	48	107
Debuxo	98	55	153	Procesos de produción agraria	7	8	15
Economía	47	20	67	Procesos de produción agraria	0	1	1
Educación física	81	39	120	Procesos diagnósticos clínicos e procedementos ortoprotésicos	0	2	2
Filosofía	137	61	198	Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos	12	13	25
Física e química	135	88	223	Procesos e medios de comunicación	6	1	7
Formación e orientación laboral	40	30	70	Procesos e produtos en artes gráficas	1	0	1
Francés	85	38	123	Procesos e produtos en madeira e moble	3	1	4
Grego	42	8	50	Procesos na industria alimentaria	1	0	1
Hostalaría e turismo	12	3	15	Procesos sanitarios	7	10	17
Informática	24	14	38	Sistemas electrónicos	27	9	36
Inglés	374	126	500	Sistemas electrotécnicos e automáticos	12	4	16
Intervención sociocomunitaria	4	3	7	Tecnoloxía	77	19	96
Latín	88	11	99	Xeografía e historia	212	143	355
Lingua castelá e literatura	214	76	290				
Lingua e literatura galega	332	115	447				
					2.761	1.225	3.986

número importante de compañeiros e compañeiras.

É necesario un cambio na normativa estatal para a consolidación do profesorado interino

A CIG-Ensino leva anos demandando cambios fundamentais na normativa estatal de ingreso na función pública docente. Todas as nosas propostas, centradas nun modelo de acceso diferenciado, foron desatendidas polos diferentes gobernos, antes do PP e agora co PSOE. **Negámonos a sermos cómplices de procesos masivos nos que non se dá solución ao abuso na contratación temporal.** O fracaso do pacto sindical (CCOO-UGT e CSIF) co PP, mantido na actualidade polo goberno Sánchez, debe ser superado.

A próxima negociación comprometida polo ministro Iceta no marco da Función Pública

debería supoñer un salto cualitativo no recoñecemento da fraude polo abuso na temporalidade e permitir **procesos extraordinarios que non limiten a capacidade do sector docente**, restrinxido agora mesmo pola LOE e polas sentenzas do Tribunal Constitucional. O feito de que, en paralelo, a ministra Celaá se comprometesese a negociar cambios no sistema de acceso, debería ir no camiño desa excepcionalidade que recoñeza o problema das altas taxas de interinidade e busque **solucións centradas nas persoas e non nas cifras**. Desde a CIG-Ensino amosamos todo o noso escepticismo a que as propostas que cheguen poidan ir nesa liña mais xa avanzamos que, mantendo o que defendemos desde sempre, poñeremos no centro do debate a situación do profesorado interino, dentro dun marco de ofertas amplas de emprego que dean resposta acaída e persoal a quen durante anos ocupou postos estruturais e vacantes mestres as administracións miraban cara outro lado e non convocaban nos prazos legais os procesos selectivos que terían evitado a fraude da alta temporalidade.

PROFESORADO TÉCNICO DE FP. FUNC. CARREIRA

Especialidade	55-59 anos	60-65 anos	Total
Cociña e pastelería	20	6	26
Equipos electrónicos	17	26	43
Estética	8	5	13
Fabricación e instalación de carpintería e moble	11	5	16
Instalacións e mantemento de equipos térmicos e de fluídos	3	2	5
Instalacións electrotécnicas	27	15	42
Laboratorio	3	2	5
Mantemento de vehículos	33	29	62
Máquinas, servizos e produción	2	3	5
Mecanizado e mantemento de máquinas	9	7	16
Oficina de proxectos de construción	7	9	16
Operacións de produción agraria	9	4	13
Patronaxe e confección	1	0	1
Peiteado	16	6	22
Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico	7	26	33
Procedementos sanitarios e asistenciais	3	17	20
Procesos comerciais	9	12	21
Procesos de xestión administrativa	47	51	98
Produción de artes gráficas	2	3	5
Servizos á comunidade	6	4	10
Servizos de restauración	16	2	18
Sistemas e aplicacións informáticas	25	5	30
Soldadura	10	2	12
Técnicas e procedementos de imaxe e son	3	0	3
SUBTOTAL PROFESORADO TÉCNICO FP	294	241	535

PROFESORADO TÉCNICO DE FP. FUNC. CARREIRA

Especialidade	55-59 anos	60-65 anos	Total
Cociña e pastelería	20	6	26
Equipos electrónicos	17	26	43
Estética	8	5	13
Fabricación e instalación de carpintería e moble	11	5	16
Instalacións e mantemento de equipos térmicos e de fluídos	3	2	5
Instalacións electrotécnicas	27	15	42
Laboratorio	3	2	5
Mantemento de vehículos	33	29	62
Máquinas, servizos e produción	2	3	5
Mecanizado e mantemento de máquinas	9	7	16
Oficina de proxectos de construción	7	9	16
Operacións de produción agraria	9	4	13
Patronaxe e confección	1	0	1
Peiteado	16	6	22
Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico	7	26	33
Procedementos sanitarios e asistenciais	3	17	20
Procesos comerciais	9	12	21
Procesos de xestión administrativa	47	51	98
Produción de artes gráficas	2	3	5
Servizos á comunidade	6	4	10
Servizos de restauración	16	2	18
Sistemas e aplicacións informáticas	25	5	30
Soldadura	10	2	12
Técnicas e procedementos de imaxe e son	3	0	3
SUBTOTAL PROFESORADO TÉCNICO FP	294	241	535

PROFESORADO EOI

Especialidade	55-59 anos	60-65 anos	Total
EOI Alemán	9	5	14
EOI Español	1	0	1
EOI Francés	15	5	20
EOI Galego	6	2	8
EOI Inglés	36	9	45
EOI Italiano	6	0	6
EOI Portugués	3	1	4
EOI Ruso	1	0	1
SUBTOTAL	77	22	99

PROFESORADO AA.PP. FUNC. CARREIRA

Especialidade	55-59 anos	60-65 anos	Total
Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos	2	0	2
Conservación e restauración de obras escultóricas	1	0	1
Conservación e restauración de obras pictóricas	1	0	1
Debuxo artístico	0	1	1
Debuxo artístico e cor	5	1	6
Debuxo técnico	3	2	5
Deseño de produto	0	1	1
Deseño gráfico	4	0	4
Deseño interiores	2	2	4
Fotografía	2	0	2
Historia da arte	2	0	2
Medios audiovisuais	1	0	1
P. Conservación e restauración de pintura II	1	0	1
Volume	3	1	4
SUBTOTAL	27	8	35

MESTRES/AS TALLER AA.PP. FUNC. CARREIRA

Especialidade	55-59 anos	60-65 anos	Total
Baleirado e moldeado	1	0	1
Decoración	1	1	2
Delineación	0	2	2
Dourado e policromía	0	1	1
Fotografía e procesos de reprodución	1	1	2
Técnicas cerámicas	1	1	2
Técnicas de xoiaría	0	1	1
SUBTOTAL	4	7	11